

UN HOMBRE LIBRE


Laura Hojman, 2024

1724

ESTREA EN NUMAX: 23.04.2026 | V.O. | +7 | 88 min

“Un hombre libre” explora a vida e obra de Agustín Gómez Arcos, o escritor español exiliado que alcanzou grande éxito na literatura francesa nos anos 70, mentres o seu nome permanecía silenciado en España. Seis veces finalista ao premio Goncourt, as súas obras, traducidas a máis de doce idiomas, abordaron temas como a memoria democrática e a identidade. Redescuberto por novas xeracións, o seu legado convida a reflexionar sobre a historia recente do noso país a través dos silencios, dos relatos perdidos e do papel da cultura e a memoria.

A proxección inclúese na celebración do Día Internacional do Libro.



Entrevista con Laura Hojman: «Escoitar a unha persoa que sostén un libro é un acto de rebeldía»

Por Laura Barrachina

Un hombre libre é a súa cuarta película ao redor da literatura. Que teñen os escritores que non teñan outros creadores para que a vostede lle interese?

Supoño que é porque fun lectora desde nena e a literatura sempre me fixo conectar coa vida, fíxome entenderme, fíxome entender o mundo, entón é algo que me sae case natural, non é premeditado, a literatura forma parte de min.

No documental vemos a Pedro Almodóvar ou a Bob Pop falando do que significou para eles ler a Agustín Gómez Arcos por primeira vez, E para vostede? Como o lembra?

O primeiro que lin foi *El cordero carnívoro*. Vooume a cabeza. Eu sentín que non lera nunca algo así. Pareceume un libro incómodo, brutal e fermosísimo ao mesmo tempo. Aí está o tema da memoria, está o tema desas voces que foron expulsadas da construción do noso relato, está o tema desas ausencias e de como nos constrúen. E aí vexo que hai unha historia sobre o silencio e sobre a nosa propia identidade como país.

O tema de Agustín Gómez Arcos tamén é a memoria, dar voz aos ausentes, aos disidentes, aos homosexuais, aos republicanos, el era todo iso. Totalmente. A min pareceume que é unha forma de rebelión e este documental enténdoo así. Dalgunha forma, é rebelarse contra o silencio, é non resignarse a que te expulsen de algo que tamén che pertence, non só fisicamente, porque ao final estas persoas tiveron que irse de España e tiveron que marchar ao exilio, senón tamén da nosa identidade. Agustín Gómez Arcos ten esta rebeldía que a min me encanta, e que di "non". El, por exemplo, nunca quixo aceptar a nacionalidade francesa por non renunciar á súa nacionalidade española. Ten esta frase tan contundente: "España son eu".

Outra constante súa é a España que non foi, a de María Lejárraga, a de Machado, a de Gómez Arcos. Eu sintome completamente herdeira desa España que representan Antonio Machado, María Lejárraga, Lorca, as misións pedagóxicas, a Institución Libre de Enseñanza, cando falamos do concepto de patria. Está como moi desvirtuado, parece que patriota é o que pon a bandeira máis grande no balcón. Eu isto falábao en *Los días azules* con Antonio Muñoz Molina e, como el me dicía, Antonio Machado, todos os compañeiros que estaban nas misións pedagóxicas, eran profundamente patriotas.

Fai unha cousa no documental fermosa e valente: neste tempo de présas e espectáculo, vostede permanece varios minutos nun plano aberto de alguén que ten un libro nas súas mans e le. Encántame que mo digas, porque é unha cousa completamente consciente e militante, porque nestes tempos nos que todo é hiperrápido, hiperestimulante, hiperconectado, hiperprodutivo, algo que creo que nos está matando e que nos está enfermado, nos meus documentais procuro dar un espazo de calma, un momento de reflexión, porque é de aí de onde xorde o pensamento. Eu creo que hai que poder parar e escoitar a unha persoa que sostén un libro, así creamos un espazo de escoita e pensei: xa verás como ninguén vai a morrer porque escoite un anaquiño. Iso é outro acto de rebeldía.

Publicado en elperiodico.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El cordero carnívoro,
Agustín Gómez Arcos.
Cabaret Voltaire, 2015